

Política en materia de sustentabilidade

Xesgalicia

Declaración de Xesgalicia, S.G.E.I.C, S.A.U.

En Santiago de Compostela, o 2 de decembro de 2022, para dar cumprimento ao establecido no artigo do Regulamento Delegado (UE) 2022/1288 da Comisión do 6 de abril de 2022¹.

1. Políticas en relación co risco de sustentabilidade dos investimentos

O risco de sustentabilidade defíñese como calquera feito ou condición ambiental, social ou de gobernanza que, de producirse, podería provocar un impacto material negativo no valor do investimento. Este depende, entre outras cuestións, da sociedade ou do vehículo no que se inviste, así como do seu sector de actividade ou da súa localización xeográfica. Deste xeito, os investimentos que presenten un maior risco de sustentabilidade poderían sufrir unha diminución do prezo no momento da desinversión e, por tanto, afectar negativamente o valor liquidativo do vehículo.

Neste sentido, a Sociedade Xestora integra riscos de sustentabilidade nas súas decisións de investimento. Esta integración está baseada na análise propia de cada un dos investimentos a realizar e, para iso, a Sociedade Xestora utiliza metodoloxía propia, usando en ocasións información externa dispoñible (tal e como *ratings* de factores ambientais, sociais e de governo corporativo -ASG- publicados por parte de compañías de cualificación crediticias ou outros datos facilitados por provedores externos, todos eles no caso de estar dispoñibles).

Esta integración céntrase en determinar, entre outros, a remuneración dos investimentos executados ou outras características definitorias do investimento, así como a identificación de riscos sobre a rendibilidade do propio investimento.

Non obstante o anterior, e tal e como se define nos artigos 3.1 e 6.1. do Regulamento (UE) 2019/2088², indícase que, sen prexuízo da inclusión e integración de certos aspectos de sustentabilidade na política de investimentos da Sociedade Xestora, os investimentos non teñen como obxectivo realizar investimentos sostibles (xa se designara un índice de referencia respecto diso ou non), nin promove ningún tipo de investimento de carácter ambiental e/ou social tal e como define o artigo 2 (17) do Regulamento (UE) 2019/2088.

¹ Regulamento Delegado (UE) 2022/1288 da Comisión do 6 de abril de 2022 polo que se completa o Regulamento (UE) 2019/2088 do Parlamento Europeo e do Consello respecto a as normas técnicas de regulación que especifican os pormenores en materia de contido e presentación que debe cumplir a información relativa ao principio de «non causar un prexuízo significativo», e especifican o contido, os métodos e a presentación para a información relativa aos indicadores de sustentabilidade e as incidencias adversas en materia de sustentabilidade, así como o contido e a presentación de información relativa á promoción de características ambientais ou sociais e de obxectivos de investimento sostible nos documentos precontractuais, nos sitios web e nos informes periódicos

² Regulamento (UE) 2019/2088, do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de decembro de 2019, sobre a divulgación de información relativa á sustentabilidade no sector dos servizos financeiros.

Sen prexuízo do anterior, non se considera que os riscos de sustentabilidade sexan significativos sobre os valores liquidativos dos investimentos xestionados por Xesgalicia a través dos seus instrumentos, sociedades e fondos de investimento colectivo de tipo de pechado, dado o volume individual dos investimentos realizados nas distintas sociedades e/ou vehículos e a anteriormente indicada integración de certos factores de sustentabilidade á hora de definir aspectos chave dos investimentos para realizar.

Así mesmo, de conformidade co establecido no artigo 7, segundo parágrafo, do Regulamento (UE) 2020/852³, faise constar que, nos termos indicados na citada regulación, os investimentos subxacentes a este produto financeiro non teñen en conta os criterios da UE para as actividades económicas ambientalmente sostibles.

2. Políticas en relación con incidencias adversas en materia de sustentabilidade a nivel de entidade

Defínese como “incidencia adversa” o impacto negativo significativo no medio ambiente ou na sociedade que podería producirse como consecuencia do investimento nunha determinada actividade económica. Neste sentido, e nos termos recollidos no artigo 7.2 do Regulamento (UE) 2019/2088, indícase que a Sociedad Xestora non ten en consideración as incidencias adversas das decisións de inversión sobre os factores de sustentabilidade tal e como se define no artigo 4.1. do citado Regulamento.

Sen prexuízo do anterior, tomando en consideración o tamaño, natureza e escala das actividades, a Sociedad Xestora inclúe, na súa política de investimentos, certos aspectos destinados a potenciar aqueles investimentos aliñados con criterios ambientais, sociais e de bo goberno corporativo (criterios “ESG”, pola súa sigla en inglés) nas súas decisións de investimentos, o que se traduce en:

- Análise dos potenciais investimentos para detectar posibles riscos ESG, así como no seu caso oportunidades de promoción dos Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable (ODS) de Nacións Unidas.
- Revisión dos potenciais investimentos prestando especial atención a que os mesmos non prexudiquen de xeito significativo ningún dos obxectivos medio ambientais detallados no artigo 9 do Regulamento (UE) 2020/852.
- Exclusión de entidades, vehículos e/ou sectores non aliñados cos principios da Sociedad Xestora dentro dos procesos de selección de oportunidades de investimento.

A dirección xeral de Xesgalicia, S.G.E.I.C, S.A.U.

³ Regulamento (UE) 2020/852 do Parlamento Europeo e do Consello, de 18 de xuño de 2020, relativo ao establecemento dun marco para facilitar os investimentos sustentables e polo que se modifica o Regulamento (UE) 2019/2088.